

PAUTAS DE ESTILO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) EN DEREITO
(Aprobadas pola Comisión de Garantía da Calidade do 26 de xullo de 2018)

1. EXTENSIÓN E FORMATO DA PRESENTACIÓN:

- O TFG non poderá superar as cincuenta páxinas. Non contarán os anexos engadidos. Si que contarán o índice, bibliografía e os apéndices xurisprudencial e lexislativo.
- Para a súa presentación utilizarase papel en formato Din A-4.
- Utilizarase a letra «Times New Roman», tamaño 12 puntos para o texto e tamaño 10 puntos para as notas aos pés de páxina.
- Espazo interlineal: 1 espazo.
- Páxinas numeradas.
- Texto xustificado.
- Na portada deberán aparecer tódolos datos identificativos do TFG que se presenta: Grao que se está a cursar, curso académico, título do Traballo (do suposto escollido), nome e apelidos do estudante, nome e apelidos do titor.
- Deberá entregarse por triplicado a versión escrita en soporte papel, encadernado en Din A4.
- Deberá achegarse a través da plataforma Moodle outra copia do traballo en formato .pdf. O nome do arquivo deberá ser : Apelidos_Nome_TFG_Ano.

*No caso de incorporar arquivos anexos en formato distinto a .pdf, seguiranse as normas para subir arquivos dixitais que se atopan no enderezo electrónico que segue:
https://www.udc.gal/export/sites/udc/biblioteca.dereito/_galeria_down/TFG_versi on_dixital_2017.pdf_2063069239.pdf

2. ESTRUCTURA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO (indicación orientativa, podendo modificarse se o/a alumno/a o considera adecuado, aínda que o que non se indica como opcional debe de aparecer sempre, dunha ou outra forma):

- Índice ou Sumario.
- Listado de abreviaturas.
- Antecedentes de feito: inclusión no traballo do suposto de feito (sen engadir título, nin cuestións, soamente os feitos) ou dun resumo destes, e nos dous casos como un epígrafe inicial. De non se optar por isto, os antecedentes deben aparecer de algún xeito referenciados no texto do traballo (por exemplo, nos epígrafes nos que se resolvan as cuestións formuladas).
- Desenvolvemento das cuestións que se formulan ao final do caso (pode incluír sub-epígrafes no desenvolvemento da resposta) e debe de responderse a elas cun razoamento xurídico.

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García	Asinado	31/07/2018 14:42:21
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		





- “Conclusións finais” ou resumo executivo –de ser o caso- (epígrafe de peche e opcional, no que brevemente se resuman os puntos chave analizados).
- Bibliografía: referencias bibliográficas dos documentos consultados, tanto impresos como dixitais (No caso dos documentos dixitais engadir data de consulta para evitar disfuncións no caso de que o lector a consulte nun momento posterior).
- Apéndice xurisprudencial (epígrafe opcional).
- Apéndice legislativo (epígrafe opcional).
- Anexos (no caso de que se inclúan, epígrafe opcional). Os anexos poden incluírse en cada cuestión resolta individualmente ou incluílos nun epígrafe final no que estean recollidos todos os anexos ós que se teña feito referencia no traballo. Recoméndase que se personalicen e non, simplemente, se anexen.

3. RECOMENDACIÓNS:

Unha recomendación –un consello- é unha indicación que pode resultar útil e conveniente, pero non é de obrigatorio seguimento. Con todo, de cara a que os TFGs sexan uniformes aconsellase que se sigan tanto polos/as estudantes como polos titores.

3.1. Recomendacións formais sobre os epígrafes:

Recoméndase por especial coidado á hora de enumerar os epígrafes; é dicir, empregar sempre a mesma forma de enumerar. Por exemplo, I, II, III, etc. para epígrafes principais e I.1, I.2, etc. ou incluso I.1.a), I.1.b), etc. se houberse sub-epígrafes dentro dos sub-epígrafes. A forma de enumerar é libre, pero debe ser sempre lóxica e estar dotada de uniformidade.

3.2. Recomendacións formais sobre citas e referencias bibliográficas:

As formas das citas e referencias bibliográficas adaptaranse as previsións da norma de AENOR UNE ISO 690-2013 (*Información y Documentación -- Directrices para la redacción de referencias bibliográficas y de citas de recursos de información*). Pode consultarse en:

https://www.udc.gal/export/sites/udc/biblioteca.dereito/_galeria_down/UNE-ISO_690x2013.pdf

a) Citas bibliográficas:

Os argumentos utilizados no traballo deben estar correctamente fundamentados en diversas fontes de información que deben ser mencionadas nel. Incluíranse libros, artigos de revistas, capítulos, actas de congresos, páxinas web, etc. Citar é facer unha referencia dentro do texto a unha fonte de información utilizada.

A norma ISO 690 admite tres variantes para facer as citas no texto do traballo. As opcións aparecen explicadas no Anexo A da norma. A máis recomendable é o sistema de nome e data (Harvard). Hai que ter en conta que dependendo do sistema escollido, as referencias bibliográficas terán unha pequena variación no lugar onde vai o ano de publicación.

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García	Asinado	31/07/2018 14:42:21
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Exemplo da variante recomendada para a cita dun libro de autor único:

No texto: (Ruiz de Lacanal Ruiz-Mateos, 2004).

Na posterior Bibliografía iría: RUIZ DE LACANAL RUIZ MATEOS, M.D. 2004. *El patrimonio histórico-artístico de la parroquia nuestra señora de la O de Rota* (Cádiz). Rota: Fundación Alcalde Zoilo Ruiz-Mateos.

b) Citas de xurisprudencia e lexislación:

A norma de AENOR UNE ISO 690-2013, aínda que recolle numerosos exemplos no Anexo C (Informativo) “Ejemplos de referencias bibliográficas” (p. 38-43), non fai referencia a como citar xurisprudencia e lexislación. Por iso, a continuación fanse unhas indicacións de como se poderían facer este tipo de citas.

Cita de xurisprudencia:

Órgano + data + ECLI e/ou Referencia Base de datos

Exemplos:

STS de 22 de abril de 2016 (ECLI:ES:TS:2016:1702) (opción recomendada)

STS de 22 de abril de 2016 (RJ 2016\1504)

STS de 22 de abril de 2016 (ECLI:ES:TS:2016:1702 / RJ 2016\1504)

*Este tipo de citas pode facerse no propio texto ou en nota ao pé, se ben se recomenda se faga no texto.

Citas de lexislación:

A primeira cita a unha norma xurídica incluírá o seu nome completo e data. A partir desta primeira cita, utilizaranse as abreviaturas, aclarando entre parénteses este dato:

Exemplo:

1ª cita: Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre, *por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias* (en adelante, TRLGDCU).

*Esta cita pode facerse no propio texto ou en nota ao pé, se ben se recomenda se faga no texto.

Abreviaturas comúns de xurisprudencia

STS: Sentencia do Tribunal Supremo

SAP: Sentencia da Audiencia Provincial de (haberá que engadir “Barcelona”, “A Coruña”, [...] ou a sede correspondente)

SJPI: Sentencia do Xulgado de Primeira Instancia de [...]

SJM : Sentencia do Xulgado do Mercantil de [...]

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		





c) Referencias bibliográficas ou Bibliografía

Todas as referencias bibliográficas dos documentos consultados deben aparecer no epígrafe titulado Bibliografía, sempre ordenadas por orde alfabética e o suficientemente detallada para identificar e localizar a fonte da cal se extrae a información. (Consultar o epígrafe B.6 da Norma UNE ISO 690-2013, sobre Ordenación alfabética das listas de referencias).

Os datos incluídos nunha referencia deben obterse, sempre que sexa posible, do recurso citado.

Os datos anotados na referencia deben reflexar o exemplar ou documento usado. No caso de documentos en liña que poden ser modificados, estes datos incluírán a localización na rede da versión concreta utilizada e data de consulta do documento.

Pódese atopar mais información sobre referencias bibliográficas en: <https://www.udc.gal/gl/biblioteca.dereito/TFG/RecomendacionesTFG/index.html>

Exemplos:

ARRIBA GONZÁLEZ DE DURANA, A. y MORENO FUENTES, F.J., 2009. *El tratamiento de la dependencia en los regímenes de bienestar europeo contemporáneos*. Madrid: Instituto de Mayores y Servicios Sociales.

MEJÍA AZUERO, Jean Carlos. Diferencias entre el derecho penal internacional y el derecho internacional penal. *Revista Prolegómenos. Derechos y Valores de la Facultad de Derecho*. 2008. 11(22), 11. ISSN 0121-182X

No Anexo C da Norma UNE-ISO 690 podes encontrar máis exemplos para redactar as referencias bibliográficas.

d) Apéndices xurisprudencial e legislativo

Ademais das citas no texto ou nas notas ao pé, a xurisprudencia e a lexislación poden aparecer recollidas de forma ordeada nuns apéndices específicos que aparecerán, de ser o caso, ao final do traballo e despois da Bibliografía.

As referencias á lexislación e xurisprudencia aparecerán cada unha no seu anexo correspondente ordenadas por orde cronolóxica ascendente (primeiro as máis antigas).

Debe incluírse a referencia completa: Título. Publicación, data de publicación, número. Páxinas

Exemplos anexo legislativo:

- Ley Orgánica 8/2003, de 9 de julio, para la Reforma Concursal, por la que se modifica la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial. Boletín Oficial del Estado, 10 de julio de 2003, nº 164, p. 26901

- Convención de 11 de abril de 1980 de las Naciones Unidas sobre los contratos de compraventa internacional de mercancías, hecha en Viena. Instrumento de adhesión del España de 17 de julio de 1990. Boletín Oficial del Estado, 30 de enero de 1991, nº 26/1991, p. 3170

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García	Asinado	31/07/2018 14:42:21
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Normalmente cando se traballa con normas de gran importancia e coñecidas por todo xurista (Ex. Constitución Española ou Código Civil), non é preciso citar o Boletín de publicación.

Exemplos anexo de xurisprudencia:

-España. Tribunal Supremo (Sala de lo Penal). Sentencia núm.1505/2005 de 25 de noviembre (ECLI: TS: 2005:7606)

-España. Tribunal Constitucional (Pleno). Sentencia 134/2011, de 20 de julio de 2011 [En línea]. (Consulta: 3 de julio 2018). Disponible con suscripción en Westlaw Aranzadi: <http://aranzadi.aranzadidigital.es>

3.3. Recomendacións materiais:

As citas de autores:

É preciso ter en conta que sempre que se expón no texto a idea dun autor debe sinalarse nunha cita no texto a fonte (segundo as instrucións dadas anteriormente), sobre todo se se utilizan as mesmas palabras que o autor citado (de non citarse a fonte haberá plaxio).

Se se empregan no traballo ideas, datos ou calquera información doutras fontes ou autores, deben citarse sempre.

Se se empregan as palabras “exactas” doutros autores debe resaltase isto no texto da seguinte maneira:

- Se é un texto curto: irá entre comiñas ou en cursiva, para diferencialo no texto.

- Se é un texto máis longo (máis de catro liñas) :

- Parágrafo aparte
- Caracteres máis pequenos
- Sangrar o texto a ambos lados
- Non se usan cursiva nin comiñas

Se se parafrasean as ideas doutro autor, non hai que empregar comiñas nin cursivas, basta con citar a fonte, tal e como se indica ao inicio deste epígrafe.

As notas ao pé:

Empréganse normalmente para facer aclaracións do dito no texto ou engadir información que pola súa relevancia debe constar no traballo pero non no texto principal para non desviar o tema que se estea a tratar. Poden tamén empregarse para citas de xurisprudencia ou lexislación, se se prefire facer na nota e non no texto (se ben se recomenda facelo no texto).

Non debe abusarse delas e sempre debe de citarse de xeito uniforme.

A redacción:

A redacción debe ser clara e evitar as faltas de ortografía. Moitas veces, unha redacción complexa fai difícil a lectura e o entendemento do texto, así coma as ideas plasmadas nel.

O traballo debe ser orixinal. Neste sentido, Internet pode ser un instrumento útil, pero debe pórse especial coidado en non copiar as informacións que se atopen na rede e contrastalas. De non facelo deste xeito, o TFG carecería de valor. Pese á crenza

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García		Asinado	31/07/2018 14:42:21
Observacións			Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==			





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

xeneralizada, é moi doado localizar as partes non orixinais, en tanto que adoita haber cambios de estilo na redacción do alumno/a respecto da parte extractada de Internet. A universidade conta co programa Turnitin para comprobar se hai partes do texto copiado e pegado sen a súa correspondente cita.

En A Coruña, a 26, de xullo de 2018

ASDO.: EVA MARÍA SOUTO GARCÍA
Secretaria da Facultade de Dereito

Código Seguro De Verificación	+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Dereito Eva María Souto García		Asinado	31/07/2018 14:42:21
Observacións			Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+fAfqctqTdo02EVTsgb0qQ==			

